

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE PALAS DE REI PARA A MELLORA E AMPLIACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS DE ABASTECIMENTO DE PALAS DE REI. PALAS DE REI (LUGO)

Dunha parte, Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, na súa condición de Presidenta de Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, en relación co artigo 2.b.1 do Decreto 49/2022, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

Doutra parte, Pablo José Taboada Camoira, alcalde do Concello de Palas de Rei, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

EXPOÑEN

1. O 12.05.2025 formalizouse o convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Palas de Rei para a mellora e ampliación das infraestruturas de abastecemento de Palas de Rei (Lugo).
2. Debido a causas alleas á vontade do Concello de Palas de Rei, existe unha demora na execución das obras subvencionadas, polo que non é posible dar cumprimento ao disposto na cláusula cuarta (libramento dos fondos e réxime de xustificación).
3. Tendo en conta a complexidade das actuacións e os prazos previstos para a súa execución é necesario ampliar o prazo de xustificación do convenio.



Por todo o exposto, as partes

ACORDAN

Subscribir esta addenda ao convenio de colaboración citado modificando a cláusula cuarta (libramento dos fondos e réxime de xustificación) do convenio de colaboración nos seguintes termos:

CUARTA. LIBRAMENTO DOS FONDOS E RÉXIME DE XUSTIFICACIÓN

En canto ao réxime de xustificación, o concello ten de prazo ata o 15 de decembro de 2025 para presentar a documentación establecida no artigo 10 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Ademais o concello obrígase a:

- a) Achegar un informe de xustificación e execución dos traballos que inclúa fotografías deles, no que se reflicta o estado antes do inicio, durante a execución e unha vez finalizada a obra. Indicarase se foron executados con medios propios do concello ou a través da contratación a terceiros. Neste último caso xuntaranse as facturas correspondentes e, de existir, documento de recepción da obra por parte do concello.*
- b) Achegar a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida, de acordo co establecido no artigo 8 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.*
- c) Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto deste acordo.*



- d) *Comunicar a Augas de Galicia, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da subvención obxecto do presente acordo e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.*
- e) *Reintegrar a Augas de Galicia, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a cantidade total ou parcial da subvención establecida, e dos xuros de demora devindicados dende o momento do seu pagamento, para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.*
- f) *Asumir, pola súa consideración de beneficiario segundo o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, todas as obrigas que, para o mesmo, establece o citado artigo.*
- g) *Acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados polo concello no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso por Augas de Galicia na conta bancaria da beneficiaria de cada un dos aboamentos da subvención concedida, de acordo do establecido no artigo 3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.*

En canto aos prazos e modos de pagamento da subvención por parte de Augas de Galicia, a súa achega materializarase mediante a transferencia dos fondos precisos ao concello, no prazo de un mes desde a presentación pola entidade local da rendición da conta xustificativa antes mencionada, conforme ao estipulado neste convenio e na lexislación aplicable. A anterior transferencia de fondos, será ingresada na conta bancaria da que o concello sexa titular, cuxa numeración facilitará a tal fin a Augas de Galicia.

Será de aplicación o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.



A concesión da subvención obxecto deste convenio queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente. Neses termos, será compatible con calesqueira outras axudas públicas ou privadas pero, en ningún caso, poderán superar os límites máximos de intensidade de axuda establecidos na normativa da Unión Europea.

2. A sinatura desta addenda suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten na addenda, e mais o resto de especificacións contidas nesta, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

E para que así conste, en proba de conformidade coa cláusula desta addenda, as partes asinan de maneira electrónica este documento.

